

Terra sombriza

Antonio Pombar

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

POMBAR, ANTONIO (2011 [1981]). “Terra sombriza”. *Nordés*. “Ollada na poesía”: 5 (II Data), 40. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/592>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

POMBAR, ANTONIO (1981). “Terra sombriza”. *Nordés*. “Ollada na poesía”: 5 (II Data), 40.

* Edición dispoñíbel desde o 21 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

TERRA SOMBRIZA

Sobor de Lóuzara —cecáis Lóuzara Xabreira, un val fosco antre montañas— non hai, si imos crer ao poeta, un ceo lumioso, un ceo-manantío pra acalmar a sede. Sin dúbida a luz, coma en todas partes, xurdirá do oco da tebra i enxoiará a montaña con fermosas fragas e pradeirías. Mas, pra Fiz Vergara Vilariño, o val é «escuro e bretemoso», terra xabreira, dura, sin piedade.

Entrañado nista paisaxe agónica, o poeta compón o seu libro «Orfo de tí en terra adentro» (2) no que a liña esencial é suxerir a imposibilidade de achar un mundo ben feito onde o amor se realice plenamente e a terra nutricia amose os seus tesouros de fartura e beleza.

Si na primeira parte do libro, o amor é ausencia, soedade, «anguria de sentirte e non terte», inquedanza de presentimentos dunha dita imposible, na segunda xurde a visión dunha paisaxe esquemática, casi abstracta, que ameaza a vivencia creadora e a afunde nunha desolación infinda. O poeta, pechado nas montañas, sínteas coma unha lousa que pecha o peito amante.

Vergara Vilariño está, diste xeito, antre os dous extremos que limitan a anguria: por unha banda, un certo amor antresoñado e non realizado, onde o corazón «non acouba», e, pola outra, unha paisaxe que «desfaise nun salouco». Paisaxe, polo demáis, que il sinte no fondo do seu ser coma feita do seu mesmo oso e sangue, terra forte e dura, vivida a cotío, que lle suxere os poemas máis punxentes do libro.

Vigo, xulio 1981

(2) «Arealonguiña, Akal editor, Madrid 1976.